

D I T A M E

Ditame
5/12

sobre o anteproxecto de
Lei de inclusión social
de Galicia



APROBADO POLA COMISIÓN PERMANENTE^(*) O 30 DE ABRIL

^(*) Por delegación do Pleno do 23 de abril

Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

Juan José Gallego Fouz, secretario xeral
do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que a Comisión Permanente, por delegación expresa do Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, aprobou en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2012, coa asistencia dos membros que abaixo se relacionan, acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido.

Presidenta	<i>Corina Porro Martínez</i>
------------	------------------------------

Secretario xeral	<i>Juan José Gallego Fouz</i>
------------------	-------------------------------

GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia	<i>José Carlos Rodríguez del Río</i>
-------------	--------------------------------------

CIG	<i>Fernando R. Acuña Rúa</i>
-----	------------------------------

S.N. CC.OO.	<i>Clara Gamarra Lozano</i>
-------------	-----------------------------

GRUPO SEGUNDO

CEG	<i>José Antonio Neira Cortés</i> <i>Rafael Serrano Hernández</i> <i>Eugenio Geijo Carril</i>
-----	--

GRUPO TERCEIRO

Xóvenes Agricultores	<i>Antonio de María Angulo</i>
----------------------	--------------------------------

<i>Universidades</i>	<i>Sara Cantorna Agra</i>
----------------------	---------------------------

“

ANTECEDENTES

1.- En data 29 de marzo de 2012 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de Lei de inclusión social de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 13 de abril, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 18 de abril de 2012, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 6/12, de data 30 de abril, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- A Comisión Permanente do organismo, por delegación expresa do Pleno 3/12, celebrado o 23 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar na súa sesión 4/12, de 30 de abril, o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de inclusión social de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto a regulación dun conxunto de dereitos e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia.

A norma estrutúrase nun título preliminar, sete Títulos, tres disposicións adicionais, tres transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

O Título preliminar recolle as disposicións xerais, establecendo o obxecto, o ámbito subxectivo e os criterios de valoración. Ademais, inclúe o criterio de competencia e unha serie de principios xerais de aplicación e interpretación.

No Título I, régúlase a Renda de Inclusión Social de Galicia, que substitúe á actual Risga. Xunto ás disposicións de carácter xeral e requisitos de acceso, recollidos nos dous primeiros capítulos, figuran as normas aplicables aos tramos persoal e familiar, de inserción e de transición ao emprego, trata o procedemento para a tramitación da Renda de Inclusión e do procedemento abreviado para os casos de vítimas de violencia de xénero, e recolle as obrigas e compromisos que contraen as persoas beneficiarias e a regulación dos supostos de modificación, suspensión e extinción.

O Título II recolle a definición e as normas de aplicación para a asignación das Axudas de Inclusión Social.

O Título III regula os instrumentos para facer efectiva a inclusión activa das persoas beneficiarias das prestacións que se regulan, dedicando o capítulo II ao Plan de inclusión e aos servizos sociais comunitarios específicos para a inclusión. Asemade, establécense as bases para o fomento de actividades e proxectos específicos desenvolvidos por entidades de iniciativa social para capacitar as persoas participantes no plan de inclusión e mellorar as súas habilidades sociais e a súa empregabilidade.

O Título IV establece os mecanismos de acción positiva na formación para o emprego e as demais políticas activas de emprego a favor das persoas en situación ou risco de exclusión social.

O Título V regula a declaración de Zona de Intervención Social Especial.

O Título VI está dedicado á coordinación e participación, establecendo o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais como órganos de control e seguimento e prevendo unha Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social como órgano de coordinación.

O Título VII define as competencias autonómicas e municipais nesta materia, destacando a necesidade do desenvolvemento de procedementos de coordinación.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O CES valora positivamente que o anteproxecto avance na adaptación do marco galego en materia de inclusión aos principios e criterios das institucións europeas e ás avaliacións e recomendacións das organizacións especializadas do terceiro sector, nas que se mantén que a mellor maneira de protección contra a pobreza e a exclusión social é o emprego de calidade.

Asemade, salienta a configuración como dereito subxectivo das persoas ao dispor dun mínimo vital económico e ao acceso a un proceso de inclusión social activa, co obxecto de que as persoas que se encontran en situación de pobreza ou exclusión social teñan a oportunidade de vivir con dignidade e desempeñar un papel activo na sociedade mediante a súa incorporación ao mercado de traballo.

Tamén é importante poñer de relevo a consideración de aspectos fundamentais como son os da avaliación da execución dos programas de inclusión social e dos compromisos adquiridos polas persoas preceptoras, ou o avance que se produce na coordinación entre os servizos sociais comunitarios, o Servizo Público de Emprego de Galicia e a estrutura técnica da consellería con competencias na materia. Destácase, por outra parte, a importancia outorgada aos procesos de cualificación e inserción laboral na procura do obxectivo de inclusión social, nomeadamente a introdución de compatibilidades que fomenten a devandita incorporación ao mercado de traballo.

- En opinión do CES, deberían adoptarse as medidas necesarias para asegurar o puntual cumprimento dos prazos previstos na tramitación tanto da Renda de Inclusión Social de Galicia como das Axudas de Inclusión Social.

- Considérase que, en razón da seguridade xurídica e da claridade lexislativa, deberían explicitarse na disposición que se estime máis adecuada en boa técnica normativa, que criterios se utilizan para considerar, a efectos desta lei, cando unha entidade é de “iniciativa social”, así como o modo de participar destas.

Por outro lado, debería evitarse a reiteración de referencias ao longo do articulado ás entidades de iniciativa social, na medida na que van en moitos casos asociadas á atribución a estas de funcións que, propiamente, deberan corresponder á Administración pública.

Particularmente, nesta mesma liña, considérase que é a propia Administración quen debe tomar a iniciativa de elaborar os informes necesarios para a concesión das axudas, recabando ao respecto toda a información que precise.

- Noutra orde de consideracións, recoméndase unha revisión ortográfica e lingüística do texto do anteproxecto ao detectarse abundantes erros. Entre outros, o uso ocasional das barras para resolver a linguaxe en materia de xénero, solución que as recomendacións oficiais da Xunta de Galicia só aconsellan para os formularios; alúdese erroneamente no 2º parágrafo da exposición de motivos á Lei 13/2998, cando en realidade a referencia debe facerse á Lei 13/2008, de 3 de decembro; en distintos artigos faise unha referencia errónea a outros artigos do anteproxecto e mesmo a textos legais inexistentes ou xa derogados (Lei 13/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, no artigo 67.2); ou a inclusión como último parágrafo do artigo 53 do apartado 9 do artigo 51.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

ARTIGO 3.- Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social.

Co obxectivo de darlle o mesmo tratamento a todos os colectivos, recoméndase suprimir a expresión “*cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral*” recollida no apartado 1, letras e), i) e m) e incorporala no encabezamento despois de “*dos factores de exclusión seguintes*”.

ARTIGO 5.- Principios xerais de aplicación e interpretación.

Bótase en falta a mención a algúns dos “*principios xerais dos servizos sociais*” expresados no artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro: “*prevención*”, “*igualdade*” ou “*autonomía persoal e vida independente*”. Recoméndase por iso a súa inclusión.

ARTIGO 11.- Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación.

En liña co exposto nas consideracións xerais deste ditame, enténdese que son os traballadores e traballadoras sociais, en representación da Administración correspondente, os que deben evacuar os informes. Neste senso, propónse substituír no apartado 5 a expresión “*información proporcionada pola correspondente entidade colaboradora de iniciativa social*” por “*información recabada ao efecto*”, o que permitiría ao menos dar entrada, na fase de información, aos correspondentes servizos administrativos.

ARTIGO 12.- Requisitos xerais de acceso á Renda de Inclusión Social de Galicia.

O CES considera necesario que o seu apartado c) remita ao artigo 15, polo que propón que despois de “*vinte e cinco anos*” se engada “*, agás as excepcións contempladas no artigo 15*”.

Tendo en conta que a idade é un requisito “sine qua non” para acceder á Renda de Inclusión Social de Galicia, o CES entende que deberían xustificarse na Exposición de motivos as razóns polas que se opta pola idade de vinte e cinco anos.

No concernente ao apartado e), cando establece como requisito para ter dereito a solicitar a Renda de Inclusión Social de Galicia “*que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil*”, considérase que a regulación non debería ser tan taxativa na determinación dos requisitos xerais, xa que existen situacións de exclusión extrema que deste modo non quedarían acollidas. É por iso necesario que este artigo remita aos requisitos establecidos no artigo 16 do anteproxecto.

Unha vez concedida a Risga, a administración pública debería ter unha actitude máis proactiva, apoiando ás persoas necesitadas na reclamación dos seus dereitos, dadas as dificultades de levala a cabo de xeito individual.

ARTIGO 21.- Contido económico do tramo persoal e familiar

Para os niveis de renda das persoas ás que se dirixe a Risga, apréciase que é excesiva a esixencia establecida no apartado 5º, cando establece que a contía do aluguer importe ou represente “*cando menos o 40% dos ingresos totais da unidade de convivencia*”. Resulta necesario, polo tanto, que se rebaixe a porcentaxe sinalada.

ARTIGO 26.- Límite de acceso ao tramo de inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia.

O CES considera que deberían reducirse os prazos que neste artigo se establecen, máxime tratándose de situacións de emerxencia social. Sería aconsellable que “*unha nova incorporación efectiva*” se producira transcorridos **12 meses** —e non 18, como se establece no apartado 3º deste artigo—, debendo en coherencia reducirse o prazo de 12 meses establecido no apartado 1º para poder solicitar a incorporación ao tramo de inserción, propóndose un prazo inferior.

ARTIGO 35.- Inicio do procedemento para (a) concesión da Renda de Inclusión Social de Galicia.

Para unha mellor comprensión do seu apartado 2, propónse que a expresión “*se comunicará inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios do concello*” vaia despois de “*órgano competente da comunidade autónoma*”. Deste xeito, o apartado segundo deste artigo quedaría redactado como segue:

“2. No caso de que a solicitude se presente no rexistro do concello de residencia da persoa solicitante da renda, no momento en que a mesma se remita ao órgano competente da comunidade autónoma, se comunicará inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios do concello, atendendo á problemática de risco de exclusión social na que puidera atoparse a persoa solicitante. Os servizos sociais comunitarios básicos orientarán e informarán ás persoas interesadas en todo o referente aos trámites e documentación da solicitude”.

ARTIGO 36.- Informes preceptivos e determinantes emitidos polos servizos comunitarios do concello

No que atinxe ao seu apartado 6, considérase que o prazo dun mes ao que se fai referencia para a emisión do informe por parte do concello debe ser para a súa “*emisión e remisión*”, xa que se debe garantir o procedemento e non diferilo.

ARTIGO 41.- Tramitación abreviada.

A expresión “*previa acreditación da súa cooperación coas autoridades na investigación do delito*”, como requisito necesario para dar ao procedemento o carácter de urxencia que recolle o último inciso do apartado 1, impón un excesivo rigor na proba, facendo recaer a carga da mesma sobre a vítima. Tendo en conta o colectivo ao que se está a referir, “*persoas vítimas de explotación sexual laboral en redes de trata de seres humanos*”, considérase que é necesario atenuar o devandito requisito, polo que se suxire a substitución da expresión “*previa acreditación*” por “*previa constatación*”, “*previa verificación*” ou outra similar.

ARTIGO 42.- Das obrigas das persoas beneficiarias.

En opinión do CES, deberíase flexibilizar o prazo para solicitar a baixa na prestación económica ou nalgún dos seus tramos “*a partir do momento no que se deixen de reunir os requisitos esixidos*” co obxectivo de facilitar o acompañamento dos servizos sociais.

No que atinxe á obriga de “*comunicar no prazo de cinco días o acceso a un emprego*”, apartado 1 letra c), a simple alusión a “*un emprego*” pode resultar insuficiente aos efectos pretendidos pola norma, polo que deberían especificarse máis as súas características (duración do contrato, xornada...). Considérase necesario salientar que non toda non comunicación dun emprego “*per se*” debería levar a revogación da renda de inserción.

Respecto ás obrigas relativas ao reintegro de cantidades indebidamente percibidas, apartado 2, considérase que, por seguridade xurídica e claridade lexislativa, debería facerse no propio artigo unha remisión á normativa aplicable.

ARTIGO 52.- Resolución, forma de pagamento e xustificación.

Non se alcanzan a comprender os motivos polos que, ao longo do anteproxecto, o silencio administrativo desestimatorio ten nuns casos sentido positivo e noutros negativo.

ARTIGO 54.- Proxecto de integración social.

En opinión do CES, a referencia á “*mellora da imaxe das persoas*” (apartado 2º) é impropia dun texto legal, non debendo entrar os poderes públicos en consideracións sobre algo tan persoal e íntimo como é a propia imaxe.

ARTIGO 55.- Acordo para integración socioeducativa das persoas menores.

O CES considera necesario poñer en valor a figura do “xestor do caso” para o deseño, execución e o seguimento do acordo para a integración socioeducativa dos menores.

ARTIGO 56.- Convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade

Tendo en conta que no seu apartado 6º se fai mención a que os equipos de inclusión sociolaboral actuarán “*en coordinación co*” Servizo Público de Emprego, a modo de mellora de redacción propónse a substitución de “*colaborarán*” por “*realizarán*”.

TÍTULO IV: Medidas para a incorporación laboral das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia

Capítulo II. Empresas de inserción

É precisa unha revisión da terminoloxía empregada na totalidade do capítulo en relación ao concepto de “*empresa de inserción laboral*”, que ten de ser substituído polo de “*empresa de inserción*” tal e como regula a Ley 44/2007, de 13 de diciembre, para la regulación del régimen de las empresas de inserción.

Disposición Transitoria Segunda.- Capacidade económica derivada da disposición de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.

No caso da existencia de bens patrimoniais con dificultade de venda, o CES suxire que se estude a posibilidade de establecer mecanismos para que a Administración figure como acreedora, resarcíndose unha vez realizada a venda, e con cargo á mesma, das cantidades anticipadas, que serían aplicadas coa mesma finalidade.

Disposición Transitoria Terceira.- Aplicación desta lei ás persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia regulada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

O CES considera que esta disposición pode dar lugar a unha situación discriminatoria entre as persoas perceptoras da nova Risga e os perceptores actuais, polo que se propón a súa supresión. Consonte co anterior, deberíase modificar, no primeiro parágrafo da parte III da Exposición de motivos, o número de disposicións transitorias que contén o anteproxecto de lei, pasando a ser dúas.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2012

”

E para que conste a todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2012.

Vº e Pr.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Corina Porro Martínez

Asdo.: Juan José Gallego Fouz



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

